



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: APROBACIÓN INICIO E EXPEDIENTE DA CONTRATACION SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (INICIO 2024)

EXPEDIENTE: 2024/G003/001153

O Servizo de Axuda no fogar enténdese como a prestación dun conxunto de atencións ás persoas no seu fogar, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desaxuste familiar.

Así mesmo, é un Servizo que non substitúe á familia nas responsabilidades de atención ós beneficiarios e pretende potenciar as capacidades das persoas para facilitar e promover a súa autonomía.

En tanto en canto o concello é o responsable na prestación deste servizo, faise imprescindible a súa contratación por carecer no cadro de persoal do Concello da Laracha de persoal para esas labores. Por outro lado a contratación de persoal para a prestación dese servizo suporía incumprir os límites da tasa de reposición de efectivos marcada na vixente Lei de Orzamentos do Estado. Na actualidade o servizo estao ao prestar a empresa SIAD24 mediante contrato que remata o vindeiro 31 de decembro de 2024.

De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, as prestacións do presente contrato non se dividirán en lotes polas seguintes razóns:

Atendendo á natureza das prestacións obxecto do contrato, que se configuran como un todo indivisible, faría que a súa realización independente por diversos adxudicatarios dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato debe ser determinado neste punto. Así, segundo o art. 101.2 LCSP, o valor estimado do contrato incluíndo as eventuais prórrogas do contrato, ascende á cantidade de 5.123.760,00 euros.

Emitidos os correspondentes informes pola Intervención e a Secretaría da Corporación, e visto que o órgano competente é o Pleno, en aplicación da Disposición adicional segunda da Lei de contratos do Sector Público 9/2017 xa que o valor estimado do contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, se ben por acordo do Pleno en sesión celebrada o 26 de xuño de 2023, delegouse na Alcaldía as atribucións que como órgano de contratación correspondan ao Pleno, agás a adxudicación do contrato que se delegou na Xunta de Goberno Local, nas contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sécutor Público, 9/2017, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que reixerán o “CONTRATO DE SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR”.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación e gasto correspondente con cargo a partida orzamentaria 231.22706 e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento aberto, así como aprobar o gasto, que ascende a 5.123.760 euros de valor estimado.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución e un anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea. E unha vez publicados no DOCE, publicar no perfil do contratante ubicado na Plataforma de Contratos do Sécutor Público.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CUARTO.- Declarar que o responsable do contrato aos efectos do art. 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, será a concelleira de Servizos Sociais, María Rocío López Rey.

QUINTO.- Dar conta na seguinte Comisión Informativa do Pleno, dado que se trata dunha competencia delegada por este órgano na Alcaldía e prevese a celebración de Comisión Informativa ordinaria para a vindeira semana.

SEXTO.- Dar conta deste acordo ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.

